



Mesturas que aumentan as calidades das forraxes e reducen os seus custos

Fertiprado está realizando ensaios con diferentes variedades das súas mesturas para comprobar como melloran as calidades nas racións, que beneficios económicos achegan ás explotacións e como aumentan a fertilidade do solo ao fixar nitróxeno de forma gratuíta e natural.



En Fertiprado levan máis de 30 anos facendo fincapé nas vantaxes que ten a incorporación de leguminosas ás mesturas. O director comercial, José Freire, explica que a firma naceu “con base a un concepto moi particular: as mesturas biodiversas ricas en leguminosas, que son o alicerce do noso traballo”. A empresa creceu primeiro en Portugal, pero xa están a traballar en todas as rexións gandeiras de España, Italia, sur de Francia e mesmo Uruguai. Ademais de crear estas mesturas, exportan sementes para todo o mundo. “Somos un produtor referente nalgún tipo de sementes e a única firma que está enfocada exclusivamente a este tipo de produtos. A maiores, apostamos fortemente pola investigación e o desenvolvemento, o que nos fai mellorar a nosa xenética vexetal. A innovación e a aposta pola calidade é o que nos diferencia da competencia”, resalta.

Un punto a destacar é a relación que teñen coa súa rede de distribuidores. Freire incide en que “son os mesmos que desde hai 20 anos, pois cremos nas relacións a longo prazo centradas nunha aprendizaxe conxunta, tanto dos gandeiros como dos distribuidores”. Engade que as melloras que realizan se basean nas opinións dos seus clientes.

As mesturas de Fertiprado apostan pola biodiversidade, sequestran carbono atmosférico, achegan proteína de forma natural e reducen a necesidade de fertilizantes de síntese químicas. Todo iso tradúcese nunha alimentación máis natural, rica, dixerible, palatable e mellor para os animais. O impacto da empresa nas explotacións é positivo posto que engade valor. “Primeiro, porque achega máis proteína ás racións e, segundo, porque pode fixar unha gran cantidade de nitróxeno ao chan”, apunta Freire. O obxectivo que teñen

estes produtos é pór ao servizo do campo as súas vantaxes agronómicas, económicas e ambientais.

O técnico veterinario da zona norte peninsular, Carlos Garrido, explica que “ao incorporar leguminosas nas mesturas, auméntase a dixestibilidade e os niveis de proteína. Isto implica unha redución de custos, xa que, ao axustar as racións, temos que incorporar menos proteína exterior, que normalmente provén da soia e encarece bastante”. Destaca que o silo de herba “achega fibra de moita calidade, imprescindible para o bo funcionamento do tracto dixestivo dos animais. Se esta parte funciona ben, toda a saúde da vaca, desde o ubre ata o resto, irá moito mellor”.

Campo de ensaio en Portugal

En Póvoa de Varzim (Beiriz), na zona norte de Portugal, atópase un dos campos de ensaio de Fertiprado no que avalían oito mesturas anuais para rotación con millo. Neste experimento analizan a produción, as calidades e o seu comportamento nas diferentes fases.

Unha das variedades é Speedmix, unha mestura biodiversa de sementes de raigrás e leguminosas anuais. Outra é Fertifeno, con raigrases, trevos e vezas, moi utilizada para un único corte, moi rica tamén en proteína e con moi boas calidades. Ambas se están analizando para ciclos curtos e ciclos longos. Avex, con sementes de aveia, raigrás, veza e trevos, é unha mestura cun contido máis alto de fibra que para algunhas explotacións tamén ten bastante interese. Entre as novidades de Fertiprado atópase C-Mix, con cebada híbrida, raigrás, trevo e veza, que está a ter moi bo comportamento, tanto no norte de Portugal como na cornixa cantábrica. Están a probar unha mestura experimental, con centeo híbrido, raigrás, trevo e veza, pensada para as zonas máis frías e rústicas e, por último, estudan Tritimix, unha mestura biodiversa de sementes de corte único de triticalear, raigrás, veza e trevo.

O técnico de investigación e desenvolvemento de Fertiprado, Bruno Godinho, considera que estas avaliacións son “importantes”, para que se adapten ás condicións do agricultor. As mostras van ser recollidas en diferentes estacións para obter distintos gráficos da evolución da produción en canto a calidade, proteína e fibras. “Isto vainos dar datos moi interesantes, que nos permitirán saber os momentos adecuados para aproveitar as mesturas”, puntualiza.



Joel Presa, cunha das mesturas no campo de ensaio

“O silo de millo é unha fonte importante de enerxía, pero o silo de herba achegará a proteína necesaria para alimentar as vacas de leite”, apunta Jorge Ramos Pinto, técnico de Fertiprado. Incide en que a proteína, na actualidade, está a uns prezos elevados, por iso considera que non hai mellor forma de produci-la que non sexa cun concentrado con leguminosas. “O meu obxectivo é conseguir que haxa un maior consumo de silos de herba nas ganderías, que o introduzan na ración e así verán que é un aforro a final de mes e, sobre todo, a final de ano”, recalca.

Estas mesturas ricas en leguminosas poden ter un beneficio económico relevante para as explotacións. Cando están semeadas, captan de forma gratuíta o nitróxeno do aire e fíxano no chan para o seguinte cultivo, nestes casos, o millo. En concreto, fixan ao redor de 40 unidades de nitróxeno por hectárea. “Desta forma, aforramos a compra de fertilizantes nitróxenos, porque aumentan a proteína nas forraxes e así non temos que engadir soia ou outros complementos á ración”, explica Joel Presa, responsable de xestión de produto. A maiores, a utilización destes produtos achega beneficios ambientais. Presa resalta que, ademais de fixar nitróxeno, tamén “temos plantas con flores na primavera que son importantes desde o punto de vista dos insectos polinizadores, a biodiversidade, o control de pragas e de que haxa este tipo de ‘abrigos’ no campo, para quen tamén o goza, alleo ao sector. Que haxa este tipo de beneficios penso que é bo para o gandeiro e para toda a sociedade en xeral”. Finalmente, subliña que “se debería estimular o uso destes cultivos nas explotacións porque ten moitos beneficios e encaixa perfectamente dentro dos ecoesquemas da PAC”.





Experiencias con Fertiprado

Odón Castro

SAT O Palomar
Láncara (Lugo)



“Nesta explotación, o produto que máis utilizan é Fertifeno. “Levamos traballando moito tempo con el e estamos moi contentos. É de alta calidade e permítenos que a forraxe estea sempre no seu momento óptimo de sega”.

Suso Cendán

Agrobotica de Castro
de Ribeiras de Lea
Castro de Rei (Lugo)



“Espera que nun futuro aumenten as vendas de leguminosas, dado que “o Pacto Verde Europeo así o destaca. Ademais, para o agricultor será máis rendible, porque obterá forraxes con máis proteína e fixará nitróxeno no solo, o que permitirá que teña uns rendementos maiores”.

Francisco Oliveros

SAT García Quintana
Trabada (Lugo)



“Levan uns seis anos sementando Fertifeno, a mestura de dous trevos, veza e raigrás. “Cada ano aumentamos un pouco porque a verdade é que funciona moi ben. A experiencia é boa e a cantidade e calidade das forraxes son incríveis. Osixena moito a terra e déixacha ben preparada para o millo”.

José Agra

Botica do Xallas
Santa Comba (A Coruña)



“Como gandeiro xa utilizaba os produtos na súa explotación e, logo, empezounos a comercializar na botica. “Ten unha gama ampla que está adaptada a nosa zona, algo que é importante porque os nosos solos demandan a utilización de leguminosas. Ademais, a relación calidade e produción é boa”.

Fernando Lago

Casa Eiras SC
O Pino (A Coruña)



“Eu relaciono esta empresa con forraxes de calidade”, puntualiza Fernando. Nesta granxa cada ano tratan de ensilar máis cantidade, porque “vemos que funciona ben no presebe e, en canto a calidades, é o que máis se aproxima ao que buscamos”. Considera que a sementeira destes produtos repercute nunha baixada dos custos do penso.

Santiago García

Finca Asunción
Touro (A Coruña)



“Hai dous anos que nesta gandería confían en Fertiprado porque “ten produtos de calidade e, ao mesmo tempo, véndechen unhas mesturas moi homexenizadas, que veñen preparadas, polo que son de fácil uso”. Prefire sementar este tipo de forraxes e non deixar os terreos en barbeito, “así utilizamos os recursos que temos e abaratamos o custo do leite”.

José Ángel Bonhome

Responsable de nutrición en Finca Asunción



“O nutrólogo considera que o máis importante é facer silos que sexan de boa calidade, tanto polos aspectos nutritivos como polos económicos. “Para min, as mellores e máis rendibles producións conséguense combinando o amidón e a enerxía, que nos aporta o silo de millo, coa proteína e a fibra, que nos proporciona o silo de herba”. En canto ás mesturas ricas en leguminosas apunta que “teñen uns niveis de proteína máis altos e unha maior dixestibilidade, ademais de mellorar a conservación dos silos”.

Laura Seoane
Ugasma SL
Boimorto (A Coruña)



“Laura ten sementadas 70 ha da mestura C-Mix e destaca “a cantidade de leguminosas que ten, xa que nos achega un maior valor nutritivo para a alimentación dos animais e tamén aumenta o valor nutritivo do solo”.

José Manuel Sánchez
Botica do Campo
Arzúa (A Coruña)



“Apunta que o agricultor está sendo receptivo con este tipo de cultivos porque “ve que as materias primas son máis caras e busca forraxes de boa calidade”. Ademais, “son produtos ideais para os tempos que nos esperan”.

Rafael Matias
Matias & Silva SA (Portugal)



“Desde hai 12 anos, apostou por Fertiprado para o seu ensilado de herba. “Ten unha gama de produtos moi grande”, recalca. Ademais, considera que “o acompañamento técnico que ofrece é espectacular, sempre están listos para calquera adversidade nos campos nos que fago as mesturas”.

Miguel Marques
Ucanorte (Portugal)



“Leva case unha trintena de anos traballando cos produtos desta marca e considera que o seu futuro “é enorme, porque ten potencial de crecemento. Debido ao aumento do custo das materias primas para a alimentación do gando, como a soia, por exemplo, creo que os cultivos forraxeiros son a alternativa para axudar a ter fontes proteicas”.



Fertiprado®

PRADERAS Y FORRAJES

nueva imagen

La evolución es parte de nuestro ADN



fertiprado.es



fertipradoes



www.fertiprado.com

PRADERAS Y FORRAJES **ricos en proteína,**
energía y con alta digestibilidad